

Liberalismo: definición

- Corrente de pensamento que defende un novo concepto do poder e da sociedade baseado na liberdade (de aí o seu nome), igualdade xurídica, limitación da autoridade e participación política dos cidadáns fronte ao absolutismo e aos privilexios do Antigo Réxime.
- As súas ideas están baseadas no pensamento da Ilustración onde destacan ideólogos como Rousseau e Montesquieu.

Liberalismo: principios políticos e institucións

- Dereitos e liberdades individuais e inalienables.
- Igualdade ante a lei.
- Limitación do poder político.
- Soberanía na nación.
- División tripartita do poder.
- Participación cidadán no sistema político.
- Constitución lei suprema e fundamental.
- Leis escritas e organizadas en códigos.
- Institucións representativas.

Liberalismo: principios económicos

- Respecto á propiedade privada. Valor absoluto e a base de toda sociedade.
- Liberdade económica e de empresa. Libre iniciativa individual sen intervención do Estado.
- Liberdade de mercado. Libre xogo da lei de oferta e a demanda (produción, prezos e salarios...)
- O liberalismo é a expresión ideolóxica dos intereses da burguesía convertida no século XIX, no grupo hexemónico da sociedade.

Constitución



- **Lei fundamental do estado liberal.**
- Normalmente consta de dous apartados:
- **Parte dogmática:** relativa aos dereitos fundamentais dos cidadáns.
- **Parte orgánica:** estrutura organizativa do estado (reparto de poderes, competencias, equilibrio...)
- A constitución ten que ser **aprobada polas cortes** (institución representante da soberanía nacional). Se non é así estamos ante un **carta outorgada** (autolimitación do monarca do poder real) como o Estatuto Real de 1834.
- A historia do constitucionalismo español é traumática (como consecuencia da inestabilidade política e social da nosa historia).
- **Tivemos sete constitucións** que estiveron en vigor nalgún período entre 1812 e 1978 ademais de dous proxectos constitucionais e un auto acordado.
- Neste período que estamos analizando (1812-1874) tivemos catro (**1812, 1837, 1845, 1869**), dous proxectos (1856, 1873) e un carta outorgada (1834)

- O liberalismo está na base da democracia.
- Pero: **Non todo o liberalismo é democrático.**
- División: liberalismo **democrático/doutrinario**
- A o tipo de liberalismo que se consolida ao longo do século XIX o chamamos **liberalismo doutrinario (moderado)**.
- Sufraxio (eleccións) pode ser:
 - Censatrio: no moderado, votan segundo a riqueza e educación
 - Universal: democrático, votan todos os cidadáns (idade, sexo)

Sufraxio censatario e universal

O *sufraxio* é o dereito político, introducido polo liberalismo ao longo do século XIX, que permite elixir mediante o voto aos cargos públicos. O *sufraxio censatario* limita este dereito só a unha parte da poboación que teña unhas características precisas (de ingresos económicos, posición social ou grao de educación), que lle permitan estar inscritas nun “*censo electoral*”; mentres que o *sufraxio universal* soamente establece como condición para votar a maioría de idade (as mulleres tamén estiveron excluídas ata o século XX).